

FRANCISCO CACHARRO GOSENDE, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense,

CERTIFICO: Que a **Xunta de Goberno** desta Deputación Provincial, adoptou, en sesión ordinaria do día **29 de setembro de 2016**, o seguinte acordo:

**APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE
CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS
DEPORTIVOS DE OURENSE PARA O ANO 2017**

Unha vez vistas as bases da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2017, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto:

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión de subvencións, por parte da Deputación Provincial de Ourense, destinadas a clubs deportivos da provincia de Ourense, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva, coa finalidade de financiar parcialmente os gastos derivados da súa participación na competición deportiva durante a presente temporada 2016-2017.

Segunda.- Beneficiarios:

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases os clubs deportivos que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar inscritos nos rexistros deportivos correspondentes da Xunta de Galicia.
- b) Ter o seu domicilio social na provincia de Ourense, circunstancia que deberá constar na inscrición no rexistro deportivo oficial da Xunta de Galicia.
- c) Participar, na temporada 2016/2017 en competicións oficiais, calquera que sexa o seu ámbito, convocadas polas súas respectivas federacións.

d) Posuír, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría senior ou absoluta. Para os clubs que compitan en disciplinas individuais establécese como requisito básico posuír un mínimo de cinco licenzas federativas de deportistas de base en competición.

2. Non poderán ser beneficiarios os clubs que só participen en ligas ou competicións locais, comarcais, exclusivamente no deporte escolar ou ligas de empresas.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas na presente convocatoria realizarase con cargo á aplicación 34111/48201 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017, tramitándose con carácter anticipado a convocatoria ó abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación á presente convocatoria as seguintes regras especiais:

1ª) A presente convocatoria queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2017, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.

2ª) A contía total máxima estimada é de catrocentos mil euros (400.000,00 €).

3ª) No expediente de gasto que se tramite a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

4ª) Os efectos de tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ó ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2017, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.

Cuarta.- Contía máxima das subvencións:

As subvencións terán unha contía máxima de 24.000,00 euros por cada beneficiario.

Quinta.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:

1. As solicitudes, subscritas polo representante legal da entidade interesada, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a presentación no rexistro xeral desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo improrrogable de presentación iniciárase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases no Boletín Oficial da Provincia, e rematará o 20 de decembro de 2016, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

3.As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

a) Documentación administrativa:

1.- Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

2.- Copia cotexada do CIF do club.

3.- Copia cotexada do DNI do representante do club.

4.- Certificado de inscrición no correspondente rexistro deportivo da Xunta de Galicia, no que conste o domicilio social do club ou documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente.

5.- Estatutos sociais do club.

6.- Poder co que actúe o representante do club, agás que a dita función lle corresponda conforme aos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación se acreditará mediante documento probado do seu nomeamento ou elección.

7.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de acharse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

8.- Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

9.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación, de ser o caso, de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do aviso do inicio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado 9 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da páxina web e no BOP no caso da resolución do procedemento conforme co sinalado nas bases 7ª e 11ª, respectivamente.

Os solicitantes estarán eximidos de presentar os documentos sinalados nos apartados 2, 3, 4, 5 e 6 cando estes documentos xa obrasen en poder da Deputación, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior. Para estes efectos, os solicitantes deberán facer constar na súa solicitude que se acollen expresamente a este dereito, mediante o modelo oficial que figura no anexo V. Este modelo deberá ser cuberto correctamente para producir efectos. En caso contrario, de presentarse incompleto este documento, non se terá en conta.

Non obstante o anterior, no suposto de imposibilidade material para a obtención do documento por parte da Deputación Provincial, poderá requirírselle ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

b) Documentación obrigatoria para a valoración da solicitude:

1. Ficha de avaliación do rendemento deportivo da entidade, segundo o modelo recollido no anexo VI destas bases, no que se recollerán os resultados máis significativos dos equipos ou deportistas da entidade, durante as tres últimas temporadas deportivas.

2. Ficha de avaliación da incidencia social da actividade deportiva da entidade, segundo o modelo recollido no anexo VII destas bases (unha ficha por cada disciplina ou modalidade deportiva, no caso de desenvolverse máis dunha). A esta ficha unirase documento acreditativo da data de constitución da entidade.

3. Ficha de avaliación da situación económica da entidade e custos da actividade, segundo o modelo recollido no anexo VIII destas bases, incluíndo, dunha parte, os datos da última liquidación oficial do club, que recolla con exactitude o resultado das operacións realizadas e que reflecta a imaxe fiel da súa actividade económica, e doutra parte, o orzamento da presente temporada 2016/2017. O anexo VIII deberá ir asinado, en todas as súas follas, polo presidente e o tesoureiro do club solicitante.

4. Ficha de avaliación do nivel da competición (unha ficha por cada modalidade deportiva, se é o caso) segundo o modelo recollido no anexo IX destas bases. A esta ficha unirase calendario ou calendarios da competición da temporada 2016/2017. Para aqueles clubs que, no momento de cubrir a documentación, non coñecen o seu calendario de competición deberán acompañar o da última temporada deportiva ou a previsión razoada da configuración do calendario da temporada 2016-2017.

5. Certificado do número de licenzas expedido pola federación galega da disciplina deportiva correspondente, acreditativo do número de licenzas federadas por categorías do club solicitante na temporada 2016/2017, así como do número de licenzas da modalidade deportiva na provincia de Ourense e no conxunto da comunidade autónoma na mesma temporada, segundo o modelo recollido no anexo X. Para aqueles clubs que, no momento de cubrir a documentación, non comezaran a súa temporada deportiva, deberán acompañar certificado co número de licenzas da última temporada.

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión das subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

Sexta.- Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables os gastos derivados da participación do club en competición deportiva oficial durante a temporada 2016-2017, sempre que se atopen incluídos nos supostos definidos polo artigo 31 da Lei xeral de subvencións.

Sétima.- Procedemento de concesión:

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para emendar as deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Para a achega desta documentación, poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo XI destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2017. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3 a) punto 9, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

3. Concluído o trámite de emenda de deficiencias e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá informe co contido previsto no artigo 7.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e remitiralle o actuado á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta provisional de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante a páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2017. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3 a) punto 9, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 10ª.

Oitava.- Comisión de valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o deputado delegado en materia de deporte.
- Vogais:
- O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
- A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
- O xefe do Servizo de Deportes, ou funcionario que legalmente o substitúa.
- Un técnico deportivo de recoñecida e contrastada competencia.

Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Sé é caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia deportiva, que actuarán como asesores da comisión.

Novena.- Criterios de valoración para a concesión das subvencións:

1. Para efectuar a valoración teranse en conta as seguintes regras:

a) Nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos ou padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a aplicación dos correspondentes criterios de valoración, asignarase unha valoración de cero puntos nos criterios afectados.

No suposto en que os documentos conteñan discrepancias ou incongruencias nos datos presentados, para a valoración tomaranse en consideración exclusivamente os datos de menor incidencia en aplicación dos criterios de valoración afectados.

b) A Comisión de Valoración poderá, cando o considere oportuno, solicitar de oficio a información necesaria para verificar os documentos presentados polo solicitante para a valoración da súa solicitude aos que fai referencia a base 5ª, apartado 3 b).

c) Así mesmo, a Comisión de Valoración, en atención ao número de solicitudes presentadas, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións.

d) Con independencia da súa valoración, en ningún caso se concederán subvencións por importe superior á contía pedida na solicitude.

2. As solicitudes admitidas a trámite avaliaranse segundo os tres indicadores xerais seguintes:

a) Rendemento deportivo: ata 20 puntos.

b) Incidencia social e situación económica da entidade: ata 235 puntos.

c) Nivel da competición: ata 60 puntos.

a) Rendemento deportivo: Este indicador avaliará os resultados segundo o nivel da competición e categoría nos deportes de equipo, e a posición nos respectivos “rankings” por categorías nos deportes individuais, asignándose as puntuacións de xeito ponderado, ata os máximos indicados en cada caso:

a.1) Para deportes de equipo: valoraranse os resultados deportivos máis significativos, nas últimas tres temporadas, dándolles maior puntuación ás entidades que constaten ascensos ou melloras significativas. (*Ata 20 puntos*)

a.2) Para deportes individuais: valoraranse os resultados máis significativos nas últimas tres temporadas dos seus deportistas, dándolles maior puntuación a aqueles nos que se constate un ascenso ou progresión ascendente (*Ata 20 puntos*).

b) Incidencia social e situación económica: Este indicador avaliará a incidencia social da actividade da entidade, a partir de indicios obxectivos desa incidencia, como o número de equipos con actividade, número de licenzas, masa social, apoio ao deporte de formación, feminino e de discapacitados, orzamentos e cadro de técnicos; igualmente, valorarase a situación económica do club, tendo conta a racionalidade económica da xestión e o esforzo económico realizado para o desenvolvemento da súa actividade.

b.1- Número total de licenzas federadas en competición da entidade, dando maior puntuación canto maior sexa o número de licenzas. (*Ata 20 puntos*)

b.2- Número total de licenzas na provincia da súa disciplina deportiva: Este apartado establece a relación entre licenzas da disciplina deportiva na provincia e o número de licenzas da entidade. Daráselle a maior puntuación ao club que posúa maior número de licenzas en relación aos totais da provincia. (*Ata 10 puntos*)

b.3-Número de deportistas en categoría feminina, dándolle maior puntuación aos clubs que teñan maior número de deportistas femininas. (*Ata 20 puntos*)

b.4- Clubs que manteñan algunha iniciativa deportiva con persoas discapacitadas, ben sexa porque son entidades de disciplinas con discapacitados ou, sen que o sexan, manteñan algunha forma de participación na integración deste colectivo, dándolles maior puntuación aos clubs que, posúan, na súa estrutura, maior número de deportistas discapacitados. (*Ata 20 puntos*)

b.5- Número de equipos e categorías do club con especial referencia aos de categorías de base (inferior a senior ou absoluta) para valorar a súa estrutura de club de formación, dando maior puntuación cantos máis equipos de base posúa e canto máis cubertas estean todas as categorías. (*Ata 30 puntos*)

b.6- Entidades con dúas ou máis disciplinas ou modalidades deportivas, para recoñecer o esforzo por diversificar a oferta deportiva, primando os que posúan máis equipos. (*Ata 10 puntos*)

b.7- Cualificación do cadro técnico do club, dando maior puntuación pola maior cualificación técnica. *(Ata 10 puntos)*

b.8- Antigüidade da entidade primando a aqueles clubs con máis anos de participación en competición deportiva. *(Ata 5 puntos)*

b.9- Consideración da singular importancia dun club no fomento, desenvolvemento e influencia da práctica deportiva nunha comarca, municipio ou barrio concreto: valorarase a singular importancia que un club poida ter na realidade da práctica deportiva nun ámbito territorial específico, primando a aqueles que posúan unha especial significación social por constituír a única ou principal canle para a práctica dunha determinada disciplina deportiva nunha concreta zona do territorio. *(Ata 30 puntos)*

b.10- Gastos de quilometraxe do club por temporada deportiva, en competicións oficiais, por constituír un dos indicativos máis relevantes da programación dun club e un dos custos máis significativos nos seus orzamentos, dando maior puntuación canto maiores sexan os gastos. *(Ata 40 puntos)*

b.11- Xestión económica da entidade solicitante: valorarase a racionalidade e eficiencia da xestión económica do club, resultante do exame dos seus orzamentos para a temporada 2016-2017 e da súa última liquidación, tendo en conta o esforzo económico realizado, entendéndose como tal, a maior consecución de recursos non públicos (tales como cotas de socios ou patrocinios privados). *(Ata 40 puntos)*

c) Nivel da competición: Este indicador avaliará o ámbito xeográfico da competición e a categoría na que participe o club, dando maior puntuación canto máis importante sexa a competición. *(Ata 40 puntos)*

No caso de que un club teña máis dun equipo en categoría diferente, poderáselle outorgar unha puntuación adicional de ata 20 puntos.

2. Unha vez coñecidas as puntuacións resultantes, procederase á clasificar as entidades admitidas e baremadas en catro grandes grupos, en función da incidencia recíproca que teñen entre si os tres indicadores xerais:

- **Grupo I de competición nacional.** Neste grupo deberán integrarse aqueles clubs que participan, co seu equipo de categoría absoluta, nun ámbito

xeográfico que estende a maior parte da competición durante a temporada a toda España.

- **Grupo II de competición autonómica-nacional, mixto.** Os clubs que realizan a súa competición compartida entre a Comunidade Autónoma e o resto do Estado, poderán ter acollida neste grupo.
- **Grupo III de competición autonómica.** Os que maioritariamente desenvolven a súa actividade competitiva no marco da Comunidade Autónoma.
- **Grupo IV de competición provincial e base.** Neste grupo intégranse as entidades deportivas con ámbito xeográfico de competición preferentemente provincial e os que teñan a consideración de clubs de base.

Para os efectos da correcta interpretación da clasificación precedente, a Comisión de Valoración deberá ter en conta, ademais do indicado, as seguintes consideracións:

- No momento de integrar a un club en calquera dos catro grupos indicados, deberá ter especial estimación o reflectido no anexo VIII “gastos por desprazamentos” por constituír un dos principais indicadores obxectivos do ámbito territorial dunha entidade deportiva.
- Outro dos parámetros que definen fidedignamente o indicado ámbito será a rigorosa análise da globalidade do calendario de competición. A participación illada dun equipo ou compoñentes dun club, nunha determinada competición, non debera garantir automaticamente a incorporación a un grupo determinado.

Décima.- Resolución:

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras

os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida. O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención, se é o caso, poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible, coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterà unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Undécima.- Publicidade da concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web [web http://www.depourense.es](http://www.depourense.es), enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, con curso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2017.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, apartado 3a), punto 9, realizaráselles unha comunicación

persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na páxina web <http://www.depourense.es>. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo segunda.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade ou, de ser o caso, na páxina web do club deportivo.

En caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Décimo terceira.- Xustificación e pago da subvención:

1. A subvención xustificárase mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión.

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade, con indicación do seu importe e a súa procedencia.

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indícaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) Factura xustificativa dos gastos (ordinaria ou simplificada, de proceder esta última) en orixinal ou duplicado, ou copia cotexada do documento orixinal ou duplicado. O cotexo será realizado exclusivamente por funcionarios da Deputación de Ourense.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, o gasto xustificárase mediante recibín asinado pola persoa que efectúa o pago e a persoa que realiza o cobro, que deberá figurar identificada co seu nome e apelidos e NIF (no caso de persoas físicas) ou a súa razón social e NIF (no caso de persoas xurídicas).

- No caso de gastos de arbitraxes, achegarase, ademais, certificación do correspondente colexio de árbitros ou entidade que asuma as súas funcións, acreditativa do gasto realizado.

- No caso de gastos de desprazamentos de deportistas con medios propios, deberase presentar unha declaración xurada dos desprazamentos ao prezo máximo de 0,19 euros por Km, asinada polo deportista e co visto e prace do presidente e secretario da entidade.

- No caso de desprazamento colectivo do club con medios propios, deberá presentarse unha certificación do secretario do club, co visto e prace do presidente, acreditativa do gasto realizado, con indicación da data e lugar de desprazamento.

Os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

E) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

F) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

2. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do

vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

3. A conta xustificativa presentarse conformada polo presidente da entidade.

4. Para considerar xustificada a subvención, deberanse presentar xustificantes de gastos polo importe da subvención concedida, acompañados dun certificado expedido polo secretario da entidade, e co visto e praxe do Sr. Presidente, acreditativo do total do gasto efectuado no período subvencionable.

No caso de non acreditarse a realización de gasto corrente por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a concesión da subvención, esta reducirase proporcionalmente.

5. De advertirse deficiencias de carácter corrixible na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, con curso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2017. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3 a) punto 9, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

6. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declararase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de

xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

7. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

8. Sen prexuízo do anterior (e adicionalmente ao control financeiro simplificado previsto no apartado 2, parágrafo 2º desta base) a Intervención da Deputación Provincial poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

9. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación como data límite o 31 de outubro de 2017. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 31 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

10. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a pedimento dos interesados, suxeitos á constitución de garantía por importe do 100% do anticipo solicitado.

Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

- a) Aval de entidade de crédito
- b) Seguro de caución
- c) Fianza en metálico

d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000 euros, admitirase fianza solidaria prestada por dúas ou máis persoas físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.

11. Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas do gasto correspondente.

En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Non obstante o anterior, estarán exentas da prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que, no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante.

Décimo cuarta.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

Décimo quinta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas:

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Así mesmo, estas subvencións tamén serán compatibles con outras subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Ourense ou do seu organismo autónomo, o

INORDE, sempre que se traten de procedementos de concorrencia competitiva e sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Décimo sexta.- Reintegro e perda do dereito á subvención:

A Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda da subvención poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro ou a perda da subvención incluírán sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ao 100% do seu custo, a Deputación Provincial reducirá proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou declaración da perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Xunta de Goberno ditará a resolución que corresponda.

Décimo sétima.- Normativa aplicable:

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

De conformidade co disposto na disposición transitoria terceira, apartado a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e tendo en conta que este procedemento se inicia con anterioridade á entrada en

vigor desta lei, rexerese pola Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2º.- Aprobar a convocatoria das subvencións reguladas nas devanditas bases, ordenando a inserción do correspondente anuncio no BOP, e acordar a aprobación do gasto correspondente.

E para que conste, e nos termos do artigo 206 do vixente ROF, expido esta certificación en Ourense, o trinta de setembro de dous mil dezaseis.

V. e pr.

O PRESIDENTE,